



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|----------|--------------------|---|
| Datos Identificativos | | | | 2013/14 |
| Asignatura (*) | Traballo fin de Mestrado | | Código | 613836007 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013) | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Galego-Portugués, Francés e Lingüística | | | |
| Coordinación | | | Correo electrónico | |
| Profesorado | Alonso Ramos, Margarita Fernández Ferreiro, Manuel Morales Lopez, Esperanza Vazquez Veiga, Nancy | | Correo electrónico | margarita.alonso@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es e.morales.lopez@udc.es nancy.vazquez.veiga@udc.es |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Este traballo é de carácter obrigatorio e permite a avaliación dos coñecementos e as habilidades adquiridos polo alumno/a durante a realización do máster, así como a madurez científica alcanzada e a súa capacidade investigadora. O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión dun profesor titor. O labor de titorización tamén poderá desenvolverse coordinadamente por dous profesores. | | | |

| Competencias da titulación | |
|----------------------------|---|
| Código | Competencias da titulación |
| A1 | Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística. |
| A5 | Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido. |
| A7 | Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...). |
| A8 | Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada. |
| A9 | Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.) |
| B1 | Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades. |
| B5 | Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo. |
| B7 | Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar. |
| B9 | Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais |
| C1 | Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |



| | |
|----|--|
| C4 | Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
|--|---------------------------------|--|--------------------------|
| | AI | BI | CM |
| Capacidade para formular unha investigación (acoutar o tema, solicitar información e buscar os recursos necesarios, elaborar un protocolo experimental) ou un proxecto que integre e desenvolva os coñecementos adquiridos para a súa aplicación nun ámbito profesional. | AI1 AI5 AI7 AI8 AI9 | BI1 BI2 BI3 BI9 | CM6 CM8 |
| Capacidade de extraer conclusións dos resultados obtidos e abrir perspectivas de futuro. | | BI1 BI2 BI3 BI5 BI7 BI9 | CM3 CM4 CM5 CM7 |
| Capacidade para adaptar o discurso escrito á situación académica, tanto no que respecta ao estilo, a estruturación e o uso de técnicas tipográficas. | | BI4 | CM1 |
| Capacidade para adaptar o discurso oral á situación de defensa do traballo. | | BI4 | CM1 |

Contidos

| Temas | Subtemas |
|--|---|
| O traballo fin de máster versará sobre algún aspecto relacionado coas materias obrigatorias ou optativas que curse o alumnado. | <ul style="list-style-type: none"> - Os dicionarios en liña e o seu papel nas tecnoloxías lingüísticas - Lexicografía e metalexografía - Fenómenos que mostran a interfase entre Sintaxe, Semántica e Fonoloxía suprasegmental - Análise do discurso e conflitos sociais e ideolóxicos - Análise do discurso e patoloxías - Estratexias e tácticas de normalización e de planificación aplicábeis ao caso galego - Sociolingüística e políticas lingüísticas - Recopilación e estudo de terminoloxías - Semántica e sintaxe: estudos contrastivos - Tipoloxía textual na rede - Dicionarios e ensino de español lingua estranxeira - Contacto de linguas - Bilingüismo, plurilingüismo e ensino de linguas |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|-----------------------|-------------------|---|--------------|
| Presentación oral | 1 | 0 | 1 |
| Traballos tutelados | 0 | 144 | 144 |



| | | | |
|--|---|---|---|
| Atención personalizada | 5 | 0 | 5 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral | Exposición verbal a través da que o alumnado presentará o seu traballo e respostará ás preguntas, comentarios e suxestións feitas polo membros da Comisión Avaliadora. |
| Traballos tutelados | O alumno definirá un tema concreto dentro dalgunha das liñas de investigación do mestrado. O traballo fin de mestrado será realizado de forma individual polo/a estudante baixo a supervisión do director ou directores do traballo. Son funcións do director: facilitar as orientacións precisas para a elaboración do traballo fin de mestrado por parte do alumno; supervisar a realización do proxecto, a calidade dos seus contidos e a súa adecuación ás presentes normas; e dar o visto bon para a inscrición e a presentación do traballo fin de mestrado. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O/a estudante terá, cando menos, un profesor titor que guiará a realización do seu traballo. |

| Avaliación | | |
|---------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
| Traballos tutelados | <p>Aínda que é obvio que a estrutura do TFM depende en gran medida do tema elixido, aconséllase que inclúa os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Capa que incluirá, obrigatoriamente, o emblema e o nome das tres Universidades, o nome da Facultade na que está matriculada o/a alumno/a, o nome do mestrado, o título do traballo, o nome do autor ou autora, o visto e prace manuscrito do profesorado titor co seu nome e o ano de presentación.2. Índice do traballo con paxinación3. Resumo do traballo4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada5. Corpo do traballo6. Conclusións7. Referencias bibliográficas <p>O traballo fin de mestrado terá unha extensión mínima de 40 páxinas e máxima de 60, sen contar os anexos. O texto terá un espazo de interliñado de 1.5 e o tamaño da letra será de 12 puntos.</p> | 80 |



| | | |
|-------------------|---|----|
| Presentación oral | <p>O/a estudiant disporá de 15-20 minutos para presentar o seu traballo. Recomendase que inclúa na súa presentación os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">·Introdución: problemática obxecto de estudo e seu interese·Fundamentación teórica: delimitación dos conceptos que fundamentan o desenvolvemento do traballo.·Fundamentación metodolóxica: metodoloxía que se seguiu para o alcance dos obxectivos definidos, e os datos obtidos mediante a súa aplicación·Resultados: principais resultados obtidos <p>É aconsellable que o/a estudante acompañe a súa presentación oral de material de soporte visual, auditivo, etc., por exemplo, mediante unha presentación PowerPoint ou OpenOffice Impress, pero a presentación oral NON pode constituír a mera lectura de devandito material.</p> | 20 |
|-------------------|---|----|

Observacións avaliación

IMPORTANTE: Calquera plaxio identificado será motivo de descalificación do TFM. Entenderase por plaxio: calquera cita literal (curta ou longa) presentada como propia (sen comiñas, etc.) e sen referencia da autoría, calquera apropiación das ideas ou metodoloxía dun autor ou autora que non se mencione nas referencias (sexa quen sexa: autor/a individual ou colectivo, dunha publicación impresa ou dun documento electrónico ou de uso restrinxido, páxina web, ou traballo que se está a levar a cabo por parte dun compañeiro ou compañeira, etc.).

Fontes de información

| | |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica | |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías